

CONCELLO DA CORUÑA*Anuncio (9/2002).*

A Alcaldía Presidencia, con data do 6 de novembro de 2002, dictou a seguinte resolución:

«Primeiro.-Incoar expediente para a aprobación das bases e estatutos da xunta de compensación que se vai constituír para a execución do polígono E8.02 La Silva II do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente.

Segundo.-Aprobar inicialmente o proxecto de bases e estatutos presentado por César Pérez Maldonado en nome e representación da comisión xestora constituída para estes efectos.

Terceiro.-Ordena-la citación persoal no expediente a aqueles que aparezan como interesados na súa calidade de titulares de bens e dereitos afectados, así como a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP do anuncio correspondente segundo modelo oficial que se xunta, facultando a comisión xestora e, no seu nome, a César Pérez Maldonado como secretario dela, para a súa presentación e dilixenciamiento ante o órgano correspondente».

O que se fai público de conformidade co disposto no artigo 133.4º en relación co 102, ambos da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia (BOE nº 103, do 30 de abril), advertindo os interesados de que o expediente se encontra á súa disposición nas oficinas de xestión do Servizo de Urbanismo, sitas na rúa do Parque s/n, no prazo de 20 días a partir da publicación ou notificación do acordo co que se traslada, onde poderá consultalo e facer cantas alegacións queira na defensa dos seus dereitos.

Así mesmo, comunícase que as cuestións referentes a eles poderán verse das 12 ás 14 horas de luns a venres, tempo no que serán atendidas polo persoal do servizo.

A Coruña, 7 de novembro de 2002.

O alcalde
P.D.

Salvador Fernández Moreda

CONCELLO DA GUARDA*Anuncio.*

Por resolución da Alcaldía de data 3 de decembro de 2002, foi aprobado o prego de cláusulas administrativas que como lei fundamental do contrato rexerán no concurso para adxudicar mediante o procedemento aberto e tramitación de urxencia as obras de demolición de edificación existente na Praza do Reló nº 5 y 7 municipio da Guarda, o cal se expón o público xunto ó proxecto por prazo de oito días contados a partir do seguinte ó de inserción deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* para que podan presentarse reclamacións.

Simultaneamente, anúnciase concurso si ben a licitación se aprazará, cando resulte necesario, no

suposto de que se formulen reclamacións contra o prego de condicións ou o proxecto.

1. Entidade adxudicadora.

Organismo: Concello da Guarda.

Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2. Obxecto do contrato.

Descrición: demolición de edificación existente na Praza do Reló nº 5 y 7.

Lugar de execución: Praza do Reló nº 5 y 7 municipio da Guarda.

Praza de execución: punto 3 do prego de cláusulas administrativas.

3. Tramitación, procedemento e forma.

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Orzamento base: 72.651,80 euros.

Criterios de selección para a adxudicación da obra: cláusula 14 do prego.

5. Garantías:

Provisional: 2% do orzamento de adxudicación.

Definitiva: 4% do orzamento de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información.

Entidade: rexistro xeral do concello.

Domicilio: Praza do Reló.

Data límite para solicitar presentación: 13 días naturais a partir da publicación do edicto de licitación no DOG.

7. Presentación de ofertas.

Praza: cláusula 14 do prego.

Documentación: cláusula 14 do prego.

Lugar de presentación: rexistro xeral do concello.

8. Apertura ofertas.

Entidade, domicilio e localidade: Concello da Guarda, Praza do Reló (A Guarda).

Data e hora: 12 horas do primer día hábil seguinte, ó de finalización do prazo de presentación de ofertas.

9. Gastos anuncios.

Serán por conta dos adxudicatarios.

A Guarda, 4 de decembro de 2002.

José Luis Alonso Riego
Alcalde

CONCELLO DE LUGO*Anuncio.*

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 4 de novembro de 2002, aprobou a contratación polo procedemento de concurso aberto, para a redacción do proxecto e diversa documentación técnica, económica e xurídica, así como a construción e explotación, en réxime de concesión administrativa, de complexo ambiental para o tratamento de residuos sólidos urbanos e asimilables do Concello de Lugo. Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación consonte as seguintes características:

1. Entidade adxudicadora.
 - a) Organismo: Concello de Lugo.
 - b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Contratación e Asuntos Xerais.
2. Obxecto do contrato.
 - a) Descrición do obxecto: constitúen o obxecto do contrato as seguintes prestacións:
 - 1.1. A redacción dos documentos técnicos, administrativos e económicos seguintes:
 - a) O proxecto de construción das obras e instalacións do complexo ambiental de tratamento (planta de reciclaxe e compostaxe) de residuos sólidos urbanos e asimilares -no sucesivo RSU- xerados no municipio de Lugo.
 - b) O proxecto de explotación do complexo citado.
 - c) O Plan municipal de xestión de RSU do concello de Lugo, que conterá as determinacións e documentos establecidos na lexislación estatal e autonómica e as prescricións que lle sexan de aplicación do plan autonómico galego de RSU.
 - d) O estudo de impacto ou efectos ambientais.
 - e) Os demais estudos, documentos e proxectos necesarios para defini-las obras e instalacións do complexo citado e para a obtención das licencias, autorizacións e permisos que legalmente sexan esixibles para a súa execución, posta en funcionamento e explotación.
 - f) O regulamento do servicio.
 - 1.2. A construción da planta e instalacións indicadas de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de bases ou prescricións técnicas, cos seus respectivos proxecto e coa declaración de efectos ambientais e licencias, permisos e autorizacións administrativas outorgadas.
 - 1.3. A xestión do servicio de tratamento dos RSU do Concello de Lugo e explotación integral do complexo ambiental, de conformidade co plan de xestión de RSU de Lugo, cos pregos, proxectos e permisos, licencias e autorizacións sinalados nos dous parágrafos anteriores desta cláusula.
 - d) Prazo de duración: o prazo de duración da concesión é de 25 anos.
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
 - a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Tipo de licitación.

Non se fixa orzamento previo, dado que son os licitadores os que presentarán os anteproxectos necesarios para a execución do obxecto do presente contrato.

5. Garantías.

Provisional: 300.506,05 euros.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Asuntos Xerais.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: 982 29 71 86, 982 29 71 43.

e) Telefax: 982 29 72 59.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: criterios de solvencia económica, financeira e técnica recollidos na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas.

b) Outros requisitos: o sinalados na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas.

8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o día 22 de xaneiro de 2003.

b) Documentación necesaria: a que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas.

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197, planta baixa.

3ª Localidade e CP: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 187 (3ª planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: o décimo día hábil (agás sábado ou festivo) posterior ó remate do prazo de presentación das proposicións.

10. Outras informacións: simultaneamente ó presente anuncio expóñense as modificacións dos pregos de condicións aprobados por acordo plenario de 4 de novembro de 2002. En caso de presentarse alegacións, procederase á suspensión do procedemento de licitación en caso necesario.